

**EXPTE. Nº: 1/2017 - ENTIDADE LOCAL: "ALUGUER DE VEHÍCULO GRÚA PARA A RECOLLIDA E RETIRADA DE VEHÍCULOS".**  
**ASUNTO: RESOLUCIÓN DE ADXUDICACIÓN**

## **RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA**

Aprobado o expediente de contratación por resolución da alcaldía de data 16 de xaneiro de 2017, mediante procedemento negociado para a adxudicación do **"ALUGUER DE VEHÍCULO GRÚA PARA A RECOLLIDA E RETIRADA DE VEHÍCULOS"**.

**Presentada a documentación**, sinalada na cláusula 11ª do Prego de cláusulas administrativas particulares, que rexe esta contratación, o 27 de marzo de 2017 (entrada nº 3006), requirida ao licitador que obtivo a maior puntuación, de acordo ao disposto no informe técnico de valoración das ofertas admitidas, tras a fase de negociación do contrato efectuada o 24 de febreiro de 2017, emitido polo enxeñeiro técnico municipal, Don José María Troncoso Viñas o 8 de marzo de 2017, e á vista da fiscalización positiva/favorable emitida ao respecto pola Intervención Municipal en data 10 de marzo de 2017, esta alcaldía **RESOLVE:**



**1º) Adxudicar, o contrato da subministración do "ALUGUER DE VEHÍCULO GRÚA PARA A RECOLLIDA E RETIRADA DE VEHÍCULOS", á empresa "GRÚAS Y ASISTENCIA NOVO, S.L." conforme ao Prego de cláusulas administrativas particulares e ao Prego de prescricións técnicas (informe policial de 11 de novembro de 2016) polo que se rixe esta contratación e a oferta presentada polo adxudicatario durante a fase de negociación, que realizará a subministración coa porcentaxe de baixa de 0,05% respecto ao prezo de licitación das dúas cantidades a recibir, tanto polo importe de aluguer dos dous periodos temporais (Semana Santa e tempada de Verán), como polo importe de cada aluguer puntual realizado fora destes dous periodos, debendo procederse a súa formalización en documento administrativo dentro dos QUINCE (15) DÍAS HÁBILES seguintes ao da notificación da adxudicación ó adxudicatario, conforme o sinalado na cláusula 13ª do prego de cláusulas administrativas particulares. O contrato durará dende a súa sinatura, ata o 31 de decembro do 2017, coa posibilidade de prórroga, DUN (1) ANO MÁIS, ata o 31/12/2018.**

**2º) A os efectos previstos no art. 151.4 do Real Decreto Lexislativo 3/11, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, faise constar o seguinte:**

A esta licitación foron invitadas tres empresas, e todas elas presentaron proposición para optar a súa contratación, non sendo admitida unha delas por presentar a súa proposición fora de prazo, e son as que a continuación se citan:



**Plica núm. UN:** Presentada no rexistro xeral do Concello de Sanxenxo co nº de entrada 585 o 23 de xaneiro de 2017 por Dona Rosa María Fernández Novo, en representación da persoa xurídica GRÚAS Y ASISTENCIA NOVO, S.L. De conformidade co informe técnico de data 8 de marzo de 2017 de valoración das proposicións presentadas, tras a fase de negociación, celebrada o 24 de febreiro de 2017, e que obra no expediente, o enxeñeiro técnico municipal outórgalle á plica 00,00 puntos polo criterio da memoria descritiva valorada dos aspectos ofertados que incrementen a calidade do obxecto do contrato, xa que non presenta a devandita memoria; 20,00 puntos pola antigüidade do vehículo-grúa porque compróbase que o vehículo ofertado posúe unha antigüidade inferior a un ano; e 0,12 puntos polo criterio do prezo xa que ofrece unha baixa do 0,05% obtendo unha **puntuación total de 20,12 puntos.**

**Plica núm. DOUS:** Presentada no rexistro xeral do Concello de Sanxenxo co nº de entrada 1127 o 7 de febreiro de 2017 por Don Jorge Varela Álvarez, en representación da mercantil J. VARELA SL, previo aviso da presentación da súa proposición por correo postal a este concello mediante fax enviado o 6 de febreiro de 2017, dentro dos cinco días seguintes ao da notificación da invitación. De conformidade co informe técnico de data 8 de marzo de 2017 de valoración das proposicións presentadas, tras a fase de negociación, celebrada o 24 de febreiro de 2017, e que obra no expediente, o enxeñeiro técnico municipal outórgalle á plica 00,00 puntos polo criterio do incremento da calidade do obxecto da prestación contractual e as características técnicas do vehículo-grúa porque non presenta unha memoria descritiva valorada de ditos aspectos; 0,05 puntos polo criterio do prezo xa que ofrece unha baixa do 0,02%, acadando así unha **puntuación total de 0,05 puntos.**

**Plica núm. TRES:** Presentada por "AUTOMOCIONES CATOIRA, S.L. Non se procedeu á apertura dos sobres "A" e "B", dado que a plica foi presentada fora de prazo. A este respecto o prazo concedido para a presentación da súa proposición remataba o 6 de febreiro de 2017, e tivo entrada no rexistro xeral de entrada de documentos do Concello de Sanxenxo o 7 de febreiro de 2017, co nº de entrada 1128. Polo que **non se admitiu.**

**3º) Aprobar o gasto, con cargo á partida orzamentaria 13300 / 22799.**

**4º) Previa sinatura do contrato administrativo correspondente e como requisito indispensable, o adxudicatario deberá presentar toda a documentación sinalada no prego de prescricións técnicas, que non estén incorporados no expediente, e que á data son: seguros, TC1 ou TC2 e CAPs e permisos de condución C1+E dos traballadores que guíen a grúa. Así mesmo, deberá o adxudicatario, pñer en coñecemento á administración contratante, calqueira variación do personal durante a vixencia do contrato, achegando toda a documentación acreditativa da**

**capacitación e habilitación profesional, como a alta na Seguridade Social e os correspondentes TCs.**


**5º)** Notificar esta resolución a todos os licitadores presentados a este procedemento de contratación.

**Dada en Sanxenxo a vinte e nove de marzo de dous mil dezasete.**

**O alcalde**

  
**Gonzalo Gonzalo Pita**

**ante min, secretario xeral**

  
**Ángel Luis López Pita**